



## CIRCULAR INFORMATIVA CURSO 2019-2020

No comezo dun novo curso escolar comunícase as familias do alumnado, o seguinte:

- |                                |                                    |
|--------------------------------|------------------------------------|
| 1.- Profesorado                | 5.- Libros de texto                |
| 2.- Calendario escolar         | 6.- Actividades extraescolares     |
| 3.- Instrucións xerais         | 7.- Comedor escolar                |
| 4.- Orientacións para o estudo | 8.- Uso das instalacións do Centro |

**PROFESORADO:****1.- EQUIPO DIRECTIVO**

<b>Directora</b>	Dona M <sup>a</sup> Jesús Rodríguez Eirís
<b>Horario de atención ás familias</b> *: Martes de 09 a 10 , Xoves de 9:00 a 10:30 horas e venres de 9:00 a 9:50 h.	
<b>Xefa de Estudos</b>	Dona Eva M <sup>a</sup> Avecilla Porto
<b>Horario de atención ás familias</b> *: Luns de 13:00 a 13:50 , mércores de 13:00 a 13:50, e venres de 13:00 a 13:50	
<b>Secretaria</b>	Dona M <sup>a</sup> Victoria Esteban Riesco
<b>A secretaría</b> permanecerá aberta tódolos días de 12:10 a 13:30 horas	
<b>Administrativo</b>	Dona M <sup>a</sup> Natividad Díaz Fernández
<b>A administración</b> permanecerá aberta tódolos días de 09:00/11:30 e de 12:00 a 13:45	

\**Previa cita*

**2.- XEFATURA DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

<b>Orientador/a</b>	Dona M <sup>a</sup> Victoria Esteban Riesco
<b>Horario atención ás familias</b> *: Martes e Xoves de 9:00 a 09:50 horas	

\**Previa cita*

**3.- PROFESORADO TITOR****EDUCACIÓN INFANTIL**

<b>4º A ( 3 anos A)</b> Purificación Arroyo García	<b>4º B ( 5 anos B)</b> Beatriz Vázquez Pena
<b>5º A ( 4 anos A)</b> Raquel Corcoba Martínez	<b>5º B ( 4 anos B)</b> Eva M <sup>a</sup> Avecilla Porto
<b>6º A ( 5 anos A)</b> M <sup>a</sup> Luisa Vázquez Reboredo	<b>6º B ( 5 anos B)</b> Rosa Anido Abeledo

**EDUCACIÓN PRIMARIA:**

<b>1ºA.</b> M <sup>a</sup> José Vázquez Santiso	<b>1ºB.</b> Vanesa Rodríguez Rivas
<b>2ºA.</b> Sandra Díaz Montero	<b>2ºB.</b> Dayrén Mosquera Suárez
<b>3ºA.</b> M <sup>a</sup> José Couso Pita	<b>3ºB.</b> M <sup>a</sup> Isabel Vázquez Mella
<b>4ºA.</b> Mercedes García Díaz	<b>4ºB.</b> Antonio Piñeiro Dopico
<b>5ºA.</b> Eloy Pita Martínez	<b>5º B.</b> Estefanía San Juan Marcos
<b>6ºA.</b> Virginia Dávila Barba	<b>6º B.</b> M <sup>a</sup> Carmen Bouzas Seoane
	<b>6º C.</b> Raquel Fernández Mosquera

**4.- PROFESORES NON TITORES:**

<b>Inglés</b>	Manuel Figueirido e Begoña Rodríguez García
<b>E. Física</b>	Hugo Méndez-Trelles Tejo e Raquel Fernández Mosquera
<b>Relixión</b>	M <sup>a</sup> Jesús Lagoa Area.

<b>Música</b>	M <sup>a</sup> Dolores Moreno Ramil
<b>Pedagogía Terapéutica</b>	Silvia Lozano Abuín, Juan José Seoane Vázquez e Ángel Blasco Nóvoa
<b>Audición e Linguaxe</b>	Raquel López Fernández e Eva Mosquera Rodríguez (IT)
<b>Apoio a E.Infantil</b>	Rosario Costas Núñez e Amelia Rabuñal Rodero

### PERSOAL NON DOCENTE

**Conserxe:** Maika.

**Coidadoras:** M. José e Virginia

**CALENDARIO ESCOLAR:** [Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

O calendario lectivo para o alumnado abrangue desde o día 11 de setembro de 2019 ata o día 19 de xuño de 2020.

- ✂ **Vacacións de Nadal:** comezan o día **23 de decembro de 2019** ata o día **7 xaneiro de 2020**
- ✂ (ambos os dous inclusive)
- ✂ **Entroido:** **24, 25 e 26 de febreiro de 2020.**
- ✂ **Semana Santa:** **do 6 ao 13 de abril de 2020** (incluídos ambos)
- ✂ **Día do Ensino (non lectivo):** **31 de outubro de 2019.**
- ✂ Antes das vacacións do Nadal, de Semana Santa e do final de curso recibirán o **Boletín Informativo** no que se reflicte o rendemento escolar do seu fillo/a.

### INSTRUCCIÓNS XERAIS

#### **1.-ATENCIÓN ÁS FAMILIAS:**

As visitas ordinarias dos pais/nais e titores legais do alumnado ao profesorado do Centro serán tódolos **luns lectivos** do curso de **16:00 a 17:00 Horas** nas respectivas aulas titorías. Para evitar esperas innecesarias e acadar unha boa organización convén que soliciten previamente a visita ao titor/a a través do alumnado e segundo o protocolo establecido.

As reunións colectivas pendentes dos pais/nais co profesorado, para coordinar a acción educativa entre o Colexio e as familias, realizarase co seguinte calendario e iranse convocando progresivamente, dende as titorías.

	<b>3 anos</b>	<b>4 anos</b>	<b>5 anos</b>	<b>1º EP.</b>	<b>2º EP.</b>	<b>3º EP</b>	<b>4º EP</b>	<b>5º EP</b>	<b>6º EP</b>
<b>Día</b>	16/09	23/09	30/09	23/09	30/09	30/09	7/10	7/10	14/10
<b>Hora</b>	16:00	16:00 h	16:00 h	17:00 h	17:00 h	18:00 h	17:00 h	16:00 h	16:00 h

#### **2.- ACCESOS AO CENTRO**

❖ Para facilitar as entradas e saídas do alumnado, **prégase aos adultos acompañantes que se sitúen na parte traseira do porche**, deixando esta zona libre para que os nenos/as poidan formar as filas convenientemente. **Á hora da saída** esperarán ao alumnado no mesmo lugar.

❖ As familias que recollan o alumnado de educación infantil deberán procurar que estes non ocupen a zona de saída dos nenos/as de 1º e 2º. Así o profesorado correspondente procederá a mellor entrega do seu alumnado.

❖ **IMPORTANTE:** Este curso, segundo a Orde de 20 de xuño de 2019, seguiremos mantendo o horario de entradas e de saídas no centro que seguirá as seguintes pautas:

<b>HORARIOS MAÑÁ:</b> ➤ Apertura cancelas exteriores 08:50 h. ➤ Peche cancelas exteriores 14:10 h
<b>HORARIOS TARDE:</b> ➤ Apertura cancelas exteriores 15:50 h. ➤ Peche cancelas exteriores 18:10 h

❖ **A porta** que, fóra de horarios de entrada ou saída, estará habilitada para calquera xestión será a cancela máis próxima ao portalón dos coches, a da rampla.

❖ A fin de evitar conflitos innecesarios **prégase puntualidade nas entradas e saídas**, tendo en conta que dita puntualidade consiste en chegar co tempo xusto nin antes nin despois. **As portas do colexio, para a entrada ás aulas, ábrense ás 9:00 horas**, despois desa hora deberá xustificarse debidamente o retraso; sendo motivo da posta en marcha do **Protocolo de Absentismo** a reiterada falta de puntualidade, segundo o ROF.

❖ **No horario lectivo, de 9:00 a 14:00 horas**, para non interromper as clases, **prohíbese o acceso de pais/nais ás aulas e ás plantas superiores**. Si é necesaria unha entrevista urxente co profesorado deberase solicitar a correspondente autorización a través do Equipo Directivo do Centro que arbitrará as medidas oportunas. Asemade estará prohibida a todo persoal alleo ao centro a subida **ás aulas e ás plantas superiores en horario de tarde**. Tan só estará permitida a subida para a realización dalgunha actividade extraescolar ou similar.

❖ Estas normas tamén serán de aplicación para o alumnado de tres anos, unha vez finalice o período de adaptación (mes de setembro).

❖ **Os pais/nais non entrarán co seu vehículo particular no aparcamento** e aqueles que accedan andando deben utilizar as portas pequenas do patio, **nunca** o portalón dos coches. Este é un punto de especial consideración e dependerá do bo facer de todos/as o evitar calquera mal maior.

❖ Se algún alumno/a precisa **saír do centro en horario lectivo** deberá facelo sempre acompañado dun adulto que se identificará e responsabilizará del. Seguirase o protocolo ao efecto polo que, para as recollidas neses horarios, diríxanse á Conserxería, e inténtese que sexa **preferentemente en horarios de recreos**.

❖ Aquel alumnado que teña que incorporarse ao centro despois das 09:00h debe facelo en compañía dun adulto e **sempre a través de conserxería**.

❖ Comuníquese a toda a Comunidade Escolar a **prohibición de fumar dentro do recinto escolar, Lei 42/2010, de 30 de decembro de 2010**. Tamén se lembra a **prohibición da entrada con animais, así como con bicicletas ou vehículos similares**.

❖ Solicitamos a colaboración de todos/as ás familias para poder manter nas mellores condicións as zonas de axardinamento do centro que están para goce e satisfacción de todos/as, en xeral.

❖ **Aviso importante: Todo o alumnado leva o documento de autorización de recollida para a saída do centro.**

### 3.- COLABORACIÓN NOS RECREOS

Polo risco de que persoas estrañas, **durante os recreos**, poidan darlle ao alumnado produtos non desexados, tales como alimentos perigosos, larpeiradas e outros, ou se dirixan a dito alumnado de forma non correcta, e ante a imposibilidade de coñecer a tódolos parentes relacionados cos nenos/as, rogámoslles que **non promovan o seu acercamento ó cerre do patio** (algo que o alumnado non ten

permitido e lle podería carrexar algún tipo de falta disciplinaria). En caso de que sexa necesario entregarlles algo ou darlles calquera recado urxente, fágano a través de Conserxería. O acceso pola entrada principal.

#### 4.- ORIENTACIÓN PARA O ESTUDO

**O Centro conta con Departamento de Orientación**, dende dito Departamento faise fincapé nos seguintes aspectos importantes a ter en conta no proceso de ensinanza-aprendizaxe:

- ✎ Débese **estimular e favorecer o estudo e traballo persoal** do alumnado, fomentando hábitos de traballo que supoñan unha dedicación temporal diaria segundo a idade e curso.
- ✎ É necesario **programar axeitadamente o xogo e o tempo libre** da nena e do neno, procurando que a hora de deitarse sexa a adecuada para un descanso completo e reparador.
- ✎ Convén **interesarse polo seu traballo diario** e seguir o seu proceso de desenvolvemento en estreita colaboración co profesorado titor.
- ✎ Deberase **valorar obxectivamente a avaliación** emitida sobre o seu rendemento, adoitando accións positivas en perfecta coordinación co profesorado.

#### 5.- CUESTIÓNS DE CONVIVENCIA.

✎ É importante colaborar na organización do Centro, **non permitindo que o alumnado traia ó Colexio útiles non escolares** como reprodutores, xogos non didácticos, xoguetes, móbiles, etc que poidan distraer a súa atención. Especial coidado débese ter con obxectos punzantes ou perigosos que, en caso de ser descubertos, serán retidos no Centro ata que un adulto os reclame, ou sexa requirida a familia correspondente.

✎ É moi importante **colaborar co profesorado na consecución, control e mantemento de hábitos de convivencia e respecto mutuo**, tendo en conta que as normas establecidas son consecuencia dunha elaboración e estudo por parte do conxunto da Comunidade Educativa. A formación completa do alumnado require a súa integración progresiva na sociedade aprendendo as regras que lle permitan ó cabo dos anos, formar parte activa dela. Esta **formación comeza na familia e continúa na escola, por iso é tan importante a colaboración e respecto entre ambas.**

✎ Remárcase a publicación da **Lei 4/2011 de Convivencia e Participación** da Comunidade Educativa e do D. 8/2015 que o desenvolve. Norma que dende a Comunidade Educativa do CEIP San Francisco Xavier recoñecemos como de especial interese o seu coñecemento.

✎ Recoméndaselles ás familias a **revisión periódica** da cabeza do alumnado en **materia de pediculose** (piollos e lendias) para evitar posibles contaxios.

✎ Se algún alumno/a ten algunha **afectación** de tipo alérxico, alimentaria ... a familia deberá notificalo ao centro por escrito. Asemade se hai algunha situación de **patria potestade, garda custodia...**

#### 6.- LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR:

En canto ao tratamento que se faga dos libros (forrado, rotulado...) é preciso que sigan as instrucións que faciliten ao alumnado o profesorado.

En canto ao material de aula, cada nivel solicitará aquilo que considere minimamente imprescindible para o mellor uso e aproveitamento nas aulas. As relacións dos mesmos se lles facilitará ao alumnado e estará exposto na páxina web do centro.

En canto á entrega dos textos, facilitarase nos primeiros días que as familias os acheguen ás clases correspondentes. Lémbrese que este curso continúa a implantación do banco de libros dende o centro.

Nestes primeiros días dende as titorías, responsables da xestión de libros nas súas aulas, facilitaránlle a todo o alumnado adxudicatario do “banco de libros” os textos que lles correspondan. Asemade farase entrega a todo o alumnado os textos nalgunhas materias das que o colexio dispón ao 100%.

Coa entrega de textos ás familias recibirán un documento de cesión e responsabilidade que deberá de firmar e devolver as/os titores.

Dadas algunhas casuísticas detectadas nalgúns textos en canto a **diversidade de edicións** rógase que calquera que teña algunha dúbida ou consulta que facer se dirixa ao equipo directivo.

Calquera outra información que precisen poderán solicitala na conserxería do colexio ou na secretaría.

## 7.- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES:

Promovidas, un ano máis, pola ANPA, sublíñase a importancia que, para unha formación integral do alumnado, teñen ditas actividades. Por isto o Colexio anima a tódolos pais/nais a participar nelas. Recibirán puntualmente circulares da asociación con información específica ó respecto. Asemade dita programación figurará na Programación Xeral do Centro 2019-2020.

## 8.- COMEDOR ESCOLAR:

Reiniciouse, así mesmo, o funcionamento do comedor escolar xestionado pola ANPA do Colexio. Tanto no comedor como en Madrugadores. Tan só coa excepción do alumnado de tres anos ata que finalice o período de adaptación.

As familias interesadas na utilización do referido servizo deberán dirixirse a dita entidade para maior información.

## 9.- USO DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO:

As instalacións exteriores, recinto escolar e pistas polideportivas, son só para uso dos nenos e nenas matriculados no Colexio. Ditas instalacións, **fóra do horario lectivo**, só poden ser utilizadas polo alumnado que participe nas **actividades extraescolares** que figuran no Plan Xeral Anual.

Para unha utilización distinta das instalacións, ben sexan as exteriores ou as do propio edificio, será necesario solicitar a correspondente autorización segundo o establecido na Orde do 22 de xullo de 1997.

**Neste senso lémbrese que os xogos infantís que se atopan no patio son de uso exclusivo de alumnado ata os 6 anos (1º EP)**

## 10.- BIBLIOTECA ESCOLAR

Pensando sempre na seguridade do alumnado consideramos necesario facer unha serie de consideracións sobre o **funcionamento da biblioteca en horario de tarde:**

✎ A Biblioteca abrirá o día 1 de outubro e permanecerá **aberta de 16.00 ás 18.00 horas**, xestionada e controlada polo profesorado do centro.

✎ Poderá facer uso dela o alumnado do colexio, **exclusivamente para lectura, consulta**. Coa finalidade de garantir un bo uso da instalación levarase un rexistro diario de entrada na mesma (a **hora tope de entrada** serán ás 16.10 horas). O horario de entradas e saídas da biblioteca é: de 16.00h a 17.00h, de 17.00h a 18.00h ou de 16.00h a 18.00h.

✎ O alumnado que poida saír sen a compañía dun adulto da biblioteca deberá traer unha autorización asinada pola familia/titor/a legal.

✎ O alumnado que asista a actividades extraescolares do centro deberá seguir as normas que se acaban de expoñer, a excepción da hora tope de entrada que será inmediatamente despois da actividade realizada.

✎ Os pais e nais que desexen facer uso dos fondos da biblioteca deberán dirixirse ao profesorado responsable.

En futuras comunicacións seguirase informando dos temas que vaian xurdindo. Tamén dicirlles que neste primeiro trimestre procederase a actualizar os contidos da **páxina web do centro** así como de información variada de interese para tódolos membros da comunidade educativa. **Dirección:** [www.edu.xunta.es/centros/ceipsanfrancisco](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsanfrancisco)

A CORUÑA, SETEMBRO DE 2019

SAÚDALLES ATENTAMENTE, A DIRECCIÓN DO CEIP SAN FRANCISCO XABIER